

Canta que cadramos ben


PRESENTACIÓN DAS HOMENAXEADAS

O Día das Letras Galegas 2025 está dedicado á poesía popular oral e ás cantareiras, representadas por seis mulleres: Adolfinia e Rosa Casás Rama (Cerdeira), Eva Castiñeira (Muxía), Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda e mais Manuela Lema Villar, tres das Pandeireteiras de Mens (Malpica de Bergantiños).

Adolfinia e Rosa Casás, tía e sobriña, eran recoñecidas na contorna pola súa capacidade de interpretación e por seren grandes improvisadoras. Cando foron gravadas por Dorothe Schubarth, esta musicóloga ficou admirada ante a variedade das súas coplas.

Eva Castiñeira foi a primeira pandeireteira en subir a un escenario cun grupo folk, Milladoiro, nos anos 80. A diferenza das outras cantareiras, dela consérvanse rexistros discográficos.

A pesar de que só se citan tres como homenaxeadas, as Pandeireteiras de Mens eran cinco, xunto con Adela Rey e Teresa Lema. A súa importancia radica no feito de seren as primeiras tocadoras en espallaren a nosa oralidade polo mundo e en visibilizaren esta arte fóra do serán, onde reinaban os gaiteiros.



As Pandeireteiras de Mens (1982)



Adolfinia e Rosa Casás (1980)

*Cantade, nenaz cantade
e deixade rir ás vellas
que o tempo da mocidade
tamén o pasaron elas*

CANTAREIRAS: POESÍA POPULAR ORAL

Elas sábeno adonairar

AS MULLERES NA CULTURA POPULAR

2



Concha de Luneda na Gala do Nacidoiro (2002)

O papel da muller na Galicia tradicional estaba subordinado ao do home. A elas correspondíalles manter en pé a economía doméstica. Cargaban cos traballos no campo, cos labores do fogar e co coidado dos fillos e dos maiores.

Moitas das tarefas asociadas ás mulleres facíanse de xeito colectivo e era neses tempos compartidos entre iguais nos que xorde a música das súas mans, a poesía das súas gorxas e o baile dos seus pés.

Nacen, pois, as pandeireteiras e as cantareiras nun contexto de traballo e axuda mutua, de solidariedade e comunidade.

Elas tamén foron as encargadas de transmitir os saberes e a tradición cultural, social e mesmo relixiosa, transmisión que se realizou por medio da oralidade, dado que a maioría delas eran analfabetas, en moito maior número cós homes.

As homenaxeadas deste ano romperon co relato hexemónico e puxeron a muller no centro, abrindo así unha fenda cara ao futuro.



As pandeireteiras Boubá (2024)



As penlas no Corpus de Redondela (2011)

*Se me rondas que me ronden
eu non quero ser rondada
pois digo unha vez que non
non quero ser porfiada*

CANTAREIRAS: POESÍA POPULAR ORAL

Sei cantar e sei bailar

A MÚSICA E O BAILE

3

A tradición maniféstase a través de disciplinas artísticas como a música, o baile ou as cantigas. A música e o baile galegos son inseparables e clasifícanse segundo uns ritmos musicais específicos, entre os que destacan a xota, a muiñeira, o pasodobre, a mazurca ou a polca.

Estas composicións servían para divertir e entreter, mais tamén podían presentar outros fins rituais, como é o caso das danzas gremiais, de traballo, ou as denominadas «danzas brancas».

As foliadas, bailes comunais para a diversión e a socialización de homes e mulleres, existiron grazas ás pandeireteiras, que recreaban todos estes ritmos a través das coplas que cantaban e tocaban. Forón elas as que organizaron e mantiveron esta expresión cultural ata a actualidade.

Estas danzas, melodías e letras, como parte do noso patrimonio artístico, son hoxe un elemento indiscutible da nosa identidade. A súa pervivencia e transmisión temos que agradecerlle a todas as asociacións de música tradicional espalladas pola nosa xeografía.



O bailarador Artur Puga (2024)



Foliada (1950)

*Vós querédebo arivado
eu arivado non podo
ide buscar a tocadeira
que vos toque ó voso modo*

CANTAREIRAS: POESÍA POPULAR ORAL

Sei tocar a pandeireta

OS INSTRUMENTOS E A MÚSICA

4

A abundancia e diversidade de instrumentos musicais en Galicia é algo inusual noutros territorios da nosa extensión. Salientan entre eles a gaita, empregada tanto en festas coma en actos solemnes, e a pandeireta.

Mais a variedade abrangue verdadeiras pezas históricas, como a zanfona e a arpa, gravadas nos tímpanos e pórticos das nosas igrexas e catedrais —un exemplo témolo na de Santiago de Compostela— e recuperadas na actualidade.

Outros foron mellorados cos adiantos técnicos, como as pandeiretas afinables, mostra da alta calidade dos artesáns e artesás da nosa terra.

Tamén hai outros máis humildes: as cunchas, o sacho, as culleres, os pratos ou as tixolas. Máis alá do seu uso inicial, foron adaptados como elementos rítmicos nas foliadas e romarías da man das pandeireteiras.

A través destes instrumentos o pobo galego logrou superar as limitacións materiais e creou sons que podemos escoitar hoxe en día.

Castañolas (2024)



Charanga (1940)

*Este pandeiro que toco
por moito que o repenique
non teñas medo que rache
que é de couro de cacique*

CANTAREIRAS: POESÍA POPULAR ORAL

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2025

Ata o mandil, Dolores

A VESTIMENTA TRADICIONAL

A vestimenta tradicional galega, utilizada ata os primeiros anos do século XX, diferenciaba entre o traxe de acotío, usado para as tarefas diarias, polo xeral de la ou liño, e o de gala, reservado para as festas e os días especiais, e que adoitaba incluír outros materiais como a seda ou o veludo.

Así mesmo, estas roupas variaban segundo a zona xeográfica e o estrato socioeconómico.

Malia estas posibles mudanzas, existían padróns comúns entre os traxes galegos e os de territorios veciños como Asturias, León e o norte de Portugal.

O traxe feminino incluía refaixos, saia, mandil, enagua, xustillo e dengue na parte superior; mentres que o masculino se compuña de pantalóns, polainas, chaleco, chaqueta e capa, ademais de monteira e chapeu ou pano na cabeza.

A vestimenta tradicional galega reflectía a vida cotiá, as tradicións e a relación das persoas coa contorna, mantendo un vínculo estreito coas prácticas culturais e sociais da época.

Yolanda Arias viste un mandil de mostra, da zona de Lugo (2024)



Mozas cantando os Reis (1939)



Actuación do Fiadeiro (2022)

*Polo sombrero de lado
porque es fillo de rico
pódelo poñer dereito
que eu de ti non necesito*

CANTAREIRAS: POESÍA POPULAR ORAL

Se ti muiñeiro non es

OS OFICIOS

Os cantares populares tiñan, e seguen tendo, a función de facer máis levadío o traballo que se realizaba no campo. Moitos destes cantares versaban sobre os oficios que desempeñaban as persoas e que cubrían as necesidades dunha poboación local e autóctona.

Existía unha diferenciación de xénero no ámbito laboral. As actividades femininas eran, principalmente, as domésticas e asistenciais no fogar, pero tamén había mulleres traballadoras no campo e no mar, costureiras, empregadas no servizo doméstico —como a pandeireira Eva Castiñeira—, comerciantes ou creadoras de produtos manufacturados e, máis tarde, tamén obreiras nas fábricas.

Dentro das profesións do eido cultural, destacaba o labor das agrupacións musicais, onde maiormente predominaban os homes, inda que había excepcións como a de Áurea, a directora do grupo Os Marabillas, considerada hoxe en día a primeira gaiteira coñecida.

A música non só era un modo de entretemento, senón que tamén era un traballo, servindo hoxe e sempre de expresión cultural vital para a nosa identidade.



Leiteiras en Santiago de Compostela (1928)



Mulleres traballando na Pontesa (1960)



A costureira Bego Martínez (2023)

*Costureiriña bonita
dáme das tuas agullas
que eu che darei afinetes
para prender as costuras*

CANTAREIRAS: POESÍA POPULAR ORAL

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2025

A alegría dunha nai

A FAMILIA E AS RELACIÓNS SOCIAIS

O ámbito familiar foi o xermolo inicial no que se cultivaba con naturalidade a música popular, tal e como se pode observar se analizamos a produción musical das voces femininas homenaxeadas este ano 2025.

As festas tradicionais galegas xogaron un papel esencial na transmisión desta música e na creación de vínculos sociais. Moitas destas xuntanzas convertíanse nunha oportunidade para que a mocidade se implicase na conservación e renovación do noso acervo cultural.

A través do canto e do baile, as novas xeracións aprendían as coplas e os ritmos, ao tempo que forxaban lazos de amizade e cortexo e afianzaban os seus trazos culturais, achegando creatividade ás vellas tradicións. Así, as festas convertíanse nun espazo de aprendizaxe, cohesión e identidade para toda a comunidade.

As Pandeireteiras de Mens son un exemplo fundamental deste fenómeno, xa que conseguiron preservar e transmitir a música popular galega e conectar as xeracións a través das súas actuacións.

Nai e fillo van á romaría (2024)



Familia galega (anos 40)

*A alegría dunha nai
é unha filla sotteira
casa a filla vaise embora
vaise a rosa da roseira*

CANTAREIRAS: POESÍA POPULAR ORAL

Amores ao pé da porta

O NAMORAMENTO

8

As artes de namorar, o disimulo, a incerteza, o devalo da relación, a traizón, o esquecemento..., todas as fases do namoro son cantadas na nosa poesía popular oral.

Tampouco faltan cantigas que falen dos encontros furtivos, das relacións con varias persoas a un tempo e dos que rompen as regras sociais.

Como sinala Carlos Callón, tanto a literatura oral popular como a literatura culta xa desde a época medieval plasman o seu ollar sobre a diversidade afectiva, cos condicionantes de cada época.

O tema do amor únenos con todos os cancioneros europeos. Do leste ao oeste "do meu vello mundo medieval", como expresaba en 2019 Dorothé Schubarth ao referirse a Galicia, o substrato da cultura europea vive na nosa tradición oral e emparéntanos cun vello mundo desaparecido.

As gravacións da musicóloga suíza e o traballo do profesor Antón Santamarina así o amosan nun libro clave como é o *Cancioneiro popular galego*.



Bailadores do Fiadeiro (2024)



Baile da regueifa (1904)

*Na miña ventana teño
regalo que ningún ten
todas as horas do día
miro a quen me quer ben*

CANTAREIRAS: POESÍA POPULAR ORAL

Esta noite hai foliada

OS LUGARES DA FESTA

9

Os seráns eran xuntanzas que facían os veciños para cantar, bailar e compartir momentos de lecer tras os traballos comunais.

Tiñan lugar sobre todo nas aldeas, como parte esencial da vida social, e constituían un espazo onde a música e o baile eran os protagonistas.

A gaita, a pandeireta e outros instrumentos eran os encargados de crear ese ambiente ao son de cantigas populares que todos coñecían.

Hoxe en día, as foliadas son a continuidade dos antigos seráns. Seguen sendo encontros comunitarios onde a música tradicional é o fio condutor, con ritmos como a muiñeira ou a xota.

Estas festas considéranse unha manifestación máis da nosa identidade cultural, un espazo de unión, diversión e transmisión da nosa herdanza.

As cantareiras Adolfina e Rosa Casás eran convidadas a amenizar estas foliadas, tal e como nos relata Richi Casás, o seu neto, no libro *Fuliada na Vila*.



Festival As Nosas Músicas (2023)



Bailando agarrado (anos 20)



Bailando agarrado (2024)

*Se soubera que ti viñas
meu amor a este serán
mandaba varrer a porta
cun ramíño de azafrán*

CANTAREIRAS: POESÍA POPULAR ORAL

Xuventude desta terra

A MÚSICA POPULAR GALEGA HOXE

Rosa e Adolfina Casás, Eva Castiñeira, Prudencia Garrido Ameixenda, Asunción Garrido Ameixenda e Manuela Lema Villar mantiveron viva a música popular e souberon transmitila para levala polo mundo adiante.

A artista Mercedes Peón ou a agrupación Leilía baseáronse na tradición e crearon unha fusión entre o folk galego e as novas tendencias sen diluír a identidade da nosa música. Este modelo esténdese ata hoxe a través de grupos como Alana, Fillas de Cassandra, Caamaño & Ameixeiras, De Ninghures ou Mondra.

Así mesmo, este legado está presente en bandas como as Tanxugueiras, que souberon recuperar e modernizar os ritmos doutros tempos e adaptalos ao presente.

O traballo das mulleres homenaxeadas este ano segue a ser unha fonte de inspiración para as novas xeracións de artistas, que achegan a música tradicional galega a novos públicos sen perder a súa conexión co pasado. O Día das Letras Galegas 2025 lémbra-nos que o seu labor foi esencial para comprendermos a evolución da nosa poesía popular, da nosa música e do noso baile.



De Ninghures



Mondra



Sheila Patricia

*Agora vai a remuda
agora hei cantar ben
agora a mocidade
ha de cantar ao desdén*

CANTAREIRAS: POESÍA POPULAR ORAL